



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE SETEMBRO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oncehoras e trinta minutos do día vinte e seis de setembro de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**

Non asiste a concelleira D^a. M^a Montserrat Magallanes Alvarez

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO ÚNICO.- ACORDOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XULLO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de AGOSTO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2016 polo que aprobaba o proxecto técnico para realización da actuación obxecto de subvención ó abeiro do Plan Concello 2016 denominada “Praza de Abastos”

Visto que se realizaron correccións técnicas en dito proxecto por petición da propia Deputación Provincial de Pontevedra sen que sexan substanciais e sen que varíen a contía do mesmo,

a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto “PRAZA DE ABASTOS” coas correccións técnicas sinaladas.
- 2.- Remitir este acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACORDOS DE ADHESIÓN AO PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA
RELATIVO AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE
DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014 - 2020
DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER**

Vista a comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente á convocatoria arriba citada, **ACORDA POR UNANIMIDADE:**

1.- Adherirse ao proxecto incluído no ámbito do proxecto:

- Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna.

2.- Comprometerse a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

Vista a comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente á convocatoria arriba citada, **ACORDA POR UNANIMIDADE:**

1.- Adherirse ao proxecto incluído no ámbito do proxecto:

- Eficiencia enerxética en iluminación exterior.

2.- Comprometerse a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

Vista a comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente á convocatoria arriba citada, **ACORDA POR UNANIMIDADE:**

1.- Adherirse ao proxecto incluído no ámbito do proxecto:

- Substitución de caldeiras baseadas en enerxías non renovables por caldeiras de biomasa.

2.- Comprometerse a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

Sendo as doce horas o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.